



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 439
1 de marzo de 2019



CSV: nbE0kwQT01
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

■ 44223 (10/PL-000012)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia [150414](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Debate de toma en consideración

■ 44486 (10/PPLC-000012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria

[150414](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 46358 (10/MOC-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43841, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

[150414](#)

■ 46415 (10/MOC-000128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41288, publicada no BOPG nº 397, do 13.12.2018, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

[150415](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

■ 44792 (10/PNP-003349)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás

[150415](#)

Aprobación con modificacións

■ 45754 (10/PNP-003436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

[150416](#)

■ 45756 (10/PNP-003437)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

[150416](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 41015 (10/PNP-003097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero

[150417](#)

■ 41203 (10/PNP-003113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo

[150417](#)

■ 41848 (10/PNP-003169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia [150418](#)

I 44588 (10/PNP-003333)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada [150418](#)

I 45617 (10/PNP-003423)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto [150418](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES****Aprobación sen modificacións****I 43165 (10/PNC-003475)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de simplificar a realización dos trámites administrativos que teñen que facer os operadores vitivinícolas [150419](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 45235 (10/PNC-003640)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Gómez Salgado, Carlos e seis deputados/as máis**

Sobre o mantemento polo Goberno galego das medidas e protocolos establecidos para acadar a erradicación da couza guatemalteca da patata [150419](#)

I 45361 (10/PNC-003647)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios humanos e materiais necesarios á Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia [150420](#)

I 45797 (10/PNC-003689)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o remate pola Xunta de Galicia do proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, no concello de Santiago de Compostela [150420](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 43157 (10/PNC-003474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas biosanitarias e informativas necesarias para evitar a extensión da peste porcina africana por todo o territorio galego [150420](#)

I 43566 (10/PNC-003496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións agrarias [150420](#)

I 43637 (10/PNC-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a publicación dunha corrección de erros de varias ordes de axudas á prevención de danos e de axudas polos danos ocasionados pola fauna salvaxe [150421](#)

I 45323 (10/PNC-003643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentración parcelaria de Santa María de Villestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela [150421](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

I Acordo do 28 de febreiro de 2019, do tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior (DOG núm. 93, do 16 de maio de 2018), polo que se fai pública a puntuación da fase de concurso [150421](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 44223 (10/PL-000012)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 19 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións.

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Debate de toma en consideración

- 44486 (10/PPLC-000012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria

BOPG nº 424, do 01.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada a toma en consideración por 33 votos a favor, ningún voto en contra e 37 abstencións.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 46358 (10/MOC-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43841, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

BOPG nº 434, do 20.02.2019



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 46415 (10/MOC-000128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41288, publicada no BOPG nº 397, do 13.12.2018, e debatida na sesión plenaria do 12.02.2019)

BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 44792 (10/PNP-003349)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a solicitar do Goberno de España:

1. Que articule as medidas necesarias para evitar que se materialice a decisión que ten comunicado Naturgy sobre o peche da central de Meirama.

2. Que, no seu defecto, articule xunto a Naturgy un verdadeiro plan de reindustrialización vinculado co mantemento e a creación de emprego, de xeito que ningún dos colectivos afectados se vexa prexudicado pola decisión de peche da central de Meirama.

3. Que a aprobación deste plan industrial así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama se tomen en consenso coa Administración galega.»



Aprobación con modificacións

- 45754 (10/PNP-003436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 2 e 3.2: aprobados pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abastención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha mesa de diálogo coas organizacións do sector co fin de mellorar as actuais condicións laborais destas e avaliar o cumprimento da lexislación vixente.
2. Instar o Goberno do Estado español para que asine o Convenio 189 da OIT de cara a garantir unhas condicións de traballo dignas.»

- 45756 (10/PNP-003437)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorpore a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións e,



doutra banda, o impulso dos bancos de tempo coa finalidade de facilitarles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e estender estes programas ás empresas e ás entidades locais de Galicia neste 2019.

3. Dar cumprimento e aplicar, ao longo de 2019, todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten o seu ámbito competencial: inserción laboral, campañas de sensibilización e prevención, protocolos de coordinación e colaboración entre as administracións e institucións competentes, establecer un sistema de acompañamento ás mulleres, reforzar os servizos de apoio ás/aos menores, reforzo dos puntos de encontro familiar, formación especializada no ámbito educativo e dos medios de comunicación e reforzo das Unidades de Valoración Forense Integral.

4. Demandar do Goberno do Estado:

a. A aprobación da Lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres neste ano 2019.

b. A aprobación da Lei de conciliación e corresponsabilidade, onde se teña en conta a racionalización horaria e se favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar neste ano 2019.

c. A aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e con especial consideración aos cambios lexislativos aprobados e recollidos no Pacto.»

Rexeitamento da iniciativa

- 41015 (10/PNP-003097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero

BOPG nº 394, do 05.12.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 41203 (10/PNP-003113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo
BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 41848 (10/PNP-003169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia
BOPG nº 405, do 03.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 44588 (10/PNP-003333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada
BOPG nº 423, do 31.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 45617 (10/PNP-003423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co feminismo galego e as convocatorias de folga de mulleres de marzo de 2019, así como as demandas que debe realizar á Xunta de Galicia ao respecto
BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 28 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 43165 (10/PNC-003475)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de simplificar a realización dos trámites administrativos que teñen que facer os operadores vitivinícolas

BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha os mecanismos necesarios para facilitar e simplificar aos operadores vitivinícolas a realización dos trámites administrativos que teñen que realizar.
2. Solicitarlle ao Ministerio a modificación da aplicación INFOVI para efectos de simplificar a tramitación das declaracións que están obrigados a presentar os operadores vitivinícolas.
3. Instar o Ministerio á creación dun grupo de traballo implicando tamén comunidades autónomas, consellos reguladores e a representantes expertos dos operadores do sector que aborde a simplificación administrativa de maneira pormenorizada, co compromiso de levala a cabo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 45235 (10/PNC-003640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e seis deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego das medidas e protocolos establecidos para acadar a erradicación da couza guatemalteca da pataca

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir coas medidas e protocolos establecidos na loita contra a couza da pataca para conseguir a súa erradicación.»

- 45361 (10/PNC-003647)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios humanos e materiais necesarios á Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de suficientes medios materiais e humanos a Oficina Agraria Comarcal (OAC) de Xinzo de Limia.»

- 45797 (10/PNC-003689)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o remate pola Xunta de Galicia do proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, no concello de Santiago de Compostela

BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que remate o proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, do concello de Santiago de Compostela, iniciado no ano 1991 e coas bases definitivas aprobadas desde 2009.»

Rexeitamento da iniciativa

- 43157 (10/PNC-003474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas biosanitarias e informativas necesarias para evitar a extensión da peste porcina africana por todo o territorio galego

BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43566 (10/PNC-003496)

Grupo Parlamentario de En Marea



Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a aplicación da Lei 35/2011,
de titularidade compartida das explotacións agrarias
BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e xunto coa emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 47016, resulta
rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43637 (10/PNC-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a publicación dunha corrección de
erros de varias ordes de axudas á prevención de danos e de axudas polos danos ocasionados pola
fauna salvaxe

BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 45323 (10/PNC-003643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentra-
ción parcelaria de Santa María de Vilvestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

**Acordo do 28 de febreiro de 2019, do tribunal cualificador das probas selectivas para in-
gresar por promoción interna nunha praza do corpo superior (DOG núm. 93, do 16 de
maio de 2018), polo que se fai pública a puntuación da fase de concurso**

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do Parlamento do 1 de agosto de 2018 para
cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior,
convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2018 (DOG nº 93, do 16.05.2018)
acordou facer pública a puntuación da fase de concurso:

María Rosa Buceta López: 6,65 puntos



Ao abeiro do establecido na base 6.2.4 da convocatoria, ordénase a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Parlamento e na páxina web da institución. Concédese á única aspirante un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

